



axencia de doazón de órganos e sangue

APellidos, nome

D.N.I.

## AXENCIA GALEGA DE SANGUE, ÓRGANOS E TECIDOS

PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA DE POSTOS DE TRABAJO MEDIANTE CONTRATACIÓN LABORAL FIXA.  
(DOG: 24-03-2015)

CATEGORÍA: AUXILIAR ADMINISTRATIVO

PARTE ESPECÍFICA

### ADVERTENCIAS:

- Non abra este cuestionario ata que lle indiquen.
- Para abrir o cuestionario, introduza a man no caderno e, cun movemento ascendente, corte pola parte dereita do caderno (vexa a figura esquina inferior dereita).
- Se observa algunha anomalía na impresión do cuestionario, solicite a súa substitución.
- Escriba os seus datos persoais no recadro superior.
- O tempo de realización deste exercicio é de **180 minutos**.
- Este cuestionario consta de 100 preguntas máis 10 preguntas de reserva. As preguntas deste cuestionario deben ser contestadas na "folla de exame" entre os números 1 e 110.
- En cada pregunta existe unha e só unha resposta correcta.
- Todas as preguntas de cada exercicio teñen o mesmo valor.
- As respostas correctas puntuarán positivamente, as non contestadas non terán valoración ningunha e as contestadas erroneamente serán penalizadas cun cuarto do valor asignado á contestación correcta.
- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "folla de exame" é o que corresponde ao número de pregunta do cuestionario.
- Só se terán en conta as respostas marcadas na súa "folla de exame" que se lle entrega xunto co caderno.
- Este cuestionario pode utilizarse na súa totalidade como borrador.
- En caso de erro tipográfico ou de transcripción entre o texto editado en galego e o editado en castelán do cuestionario bilingüe, prevalece este último para os únicos efectos da súa comprensión lóxica, sen prexuízo das aclaracións vinculantes que de viva voz poida advertir o tribunal durante a realización desta proba. Así mesmo, algúns termos técnicos, neoloxismos ou outras expresións de difícil correspondencia na tradución poderán expresarse de maneira unívoca.
- Non se permite o uso de calculadora, libro nin documentación ningunha, móbil nin ningún outro elemento electrónico.
- Se terminou de realizar o seu exercicio, advírtallo á organización para que lle recolla este cuestionario e a "folla de exame", da que se lle entregará a terceira copia. Malia o anterior, se acaba durante os 5 últimos minutos do tempo límite fixado para realizar o exercicio, permanecerá no seu asento ata que se lle recollan os anteriores documentos.

– **SOBRE A FORMA DE CONTESTAR NA «FOLLA DE EXAME», LEA MOI ATENTAMENTE AS INSTRUCCIÓNS QUE FIGURAN NO SEU DORSO.**

– **ESTE CUESTIONARIO DEBERÁ SER DEVOLTO COMPLETO AO FINALIZAR O EJERCICIO.**

ABRA SOAMENTE CANDO O INDIQUE O TRIBUNAL



1. A tarxeta sanitaria individual:
  - A) Será emitida polas administracións sanitarias autonómicas e o Instituto Nacional de Xestión Sanitaria.
  - B) Seralles emitida ás persoas residentes no seu ámbito territorial.
  - C) Non será válida en todo o Sistema nacional de saúde.
  - D) Non conterà a Administración sanitaria emisora da tarxeta.
  
2. Estarán obrigatoriamente incluídos no réxime xeral da Seguridade Social, tal como establece o artigo 136 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social:
  - A) Os traballadores por conta allea ou asimilados.
  - B) Os traballadores autónomos.
  - C) Os empresarios.
  - D) Todas as opcións son correctas.
  
3. O código de identificación da Comunidade Autónoma de Galicia recoñécese coas siglas:
  - A) CIP.
  - B) CICA.
  - C) CITE.
  - D) CIT.
  
4. Os pregos de cláusulas administrativas particulares:
  - A) Deberán aprobarse unha vez autorizado o gasto e sempre antes da adxudicación do contrato.
  - B) Deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente con ela, e sempre antes da licitación do contrato ou, de non existir esta, antes da súa adxudicación.
  - C) Deberán aprobarse unha vez autorizado o gasto, despois da licitación do contrato, e sempre antes da súa adxudicación.
  - D) Deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente con ela, e sempre despois da licitación do contrato, pero antes da súa adxudicación.
  
5. Cal é o órgano encargado da emisión da tarxeta sanitaria na nosa comunidade autónoma?
  - A) A Consellería de Sanidade e Servizos Sociais.
  - B) A Consellería de Sanidade.
  - C) O Ministerio de Sanidade.
  - D) A Xunta de Galicia.
  
6. Sinala das seguintes opcións a correcta:
  - A) Prohíbese a admisión ao traballo dos menores de 16 anos.
  - B) Prohíbese realizar horas extraordinarias aos menores de 18 anos.
  - C) Non pode contratar a prestación do seu traballo quen teña plena capacidade de obrar conforme o disposto no Código civil.
  - D) Os traballadores maiores de 16 anos non poderán realizar traballos nocturnos.

7. Segundo o artigo 123 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os actos administrativos que poñan fin á vía administrativa poderán ser recorridos:

- A) Potestativamente en reposición ante o órgano superior xerárquico do que os ditou ou ser impugnados directamente ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa.
- B) Potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditase ou ser impugnados directamente ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa.
- C) En alzada ante o órgano superior xerárquico do que os ditou.
- D) Ningunha das respostas anteriores é correcta.

8. Cal dos seguintes datos non estará gravado na banda magnética da tarxeta sanitaria galega?

- A) A data de emisión da tarxeta.
- B) A data de comezo da efectividade do dereito á asistencia sanitaria na Comunidade Autónoma Galega.
- C) A identificación da entidade emisora.
- D) O sexo.

9. A quen lle corresponde a garantía do dereito de información, segundo a Lei 41/2002, do 14 de novembro?

- A) Ao médico responsable do paciente.
- B) Ao médico que atende ou lle aplica unha técnica ao paciente.
- C) Ao xefe de servizo da unidade onde estea hospitalizado.
- D) Ao médico de admisión e documentación sanitaria.

10. Que tipo de nomeamento se expedirá para a prestación de servizos determinados de natureza temporal, conxuntural ou extraordinaria?

- A) Estatutario fixo.
- B) Interinidade.
- C) Eventual.
- D) Substitución.

11. A obrigaón de cotizar:

- A) Nacerá co inicio da prestación do traballo, excluindo o período de proba.
- B) Non continuará na situación de incapacidade temporal.
- C) Non se suspenderá durante as situacións de folga e peche patronal.
- D) Manterase por todo o período en que o traballador está de alta no réxime xeral da Seguridade Social ou presta os seus servizos.

12. Os centros sanitarios teñen a obrigaón de conservar a documentación clínica para a debida asistencia ao paciente como mínimo:

- A) Cinco anos, contados desde a data de alta de cada proceso asistencial.
- B) Seis anos, contados desde a data de alta de cada proceso asistencial.
- C) A documentación clínica non se destruírá en ningún caso.
- D) Cinco anos, contados desde a data de ingreso para cada proceso asistencial.

13. O plan de compras será aprobado:

- A) Semestralmente.
- B) Mensualmente.
- C) Anualmente.
- D) Non é necesaria a súa aprobación.

14. Serán motivados, con sucinta referencia de feitos e fundamentos de dereito (sinale a incorrecta):

- A) Os actos que limiten dereitos obxectivos ou intereses lexítimos.
- B) Os actos que se separen do criterio seguido en actuacións precedentes ou do ditame de órganos consultivos.
- C) Os actos que rexeiten probas propostas polas persoas interesadas.
- D) Todas son incorrectas.

15. Os centros realizarán a xestión da historia clínica a través de:

- A) A Unidade de Atención ao Paciente.
- B) A Unidade de Admisión.
- C) A Unidade de Documentación Clínica.
- D) A Unidade de Admisión e Documentación Clínica.

16. Cando un contrato conteña prestacións correspondentes a outro ou outros de distinta clase, atenderase en todo caso, para a determinación das normas que deban observarse na súa adxudicación:

- A) Á prestación que represente a parte máis complexa tecnicamente.
- B) Á prestación que teña máis importancia desde o punto de vista económico.
- C) Á prestación predominante.
- D) Á prestación que decidan de mutuo acordo a Administración e o contratista.

17. Nos nomeamentos que se expidan estipularase un período de proba para o persoal estatutario temporal que non poderá ser:

- A) Superior aos 3 meses de traballo efectivo para o persoal estatutario sanitario e para o persoal estatutario de xestión e servizos de formación universitaria.
- B) Superior aos 2 meses de traballo efectivo para o persoal estatutario sanitario e para o persoal estatutario de xestión e servizos de formación universitaria.
- C) Superior aos 4 meses de traballo efectivo para o persoal estatutario sanitario e para o persoal estatutario de xestión e servizos de formación universitaria.
- D) Superior aos 6 meses de traballo efectivo para o persoal estatutario sanitario e para o persoal estatutario de xestión e servizos de formación universitaria.

18. Os artigos non almacenables, de inmediato consumo ou saída son:

- A) Artigos de críticos.
- B) Artigos rotacionais.
- C) Artigos específicos.
- D) Artigos de tránsito.

19. Indique a opción correcta:

- A) Os nomeamentos de substitución por causa de comisión de servizo, liberación por desempeño de cargo sindical, que teñan unha duración inferior a dous anos, presumiranse de longa duración.
- B) Os nomeamentos de substitución por causa de comisión de servizo, liberación por desempeño de cargo sindical, así como os nomeamentos eventuais de servizos determinados, agás que o centro petionario especifique a súa previsible duración, excluídas as posibles prórrogas, que teñan unha duración inferior a un ano, presumiranse de longa duración.
- C) Os nomeamentos de substitución por causa de comisión de servizo, liberación por desempeño de cargo sindical, así como os nomeamentos eventuais de servizos determinados, agás que o centro petionario especifique a súa previsible duración, incluídas as posibles prórrogas, que teñan unha duración inferior a un ano, presumiranse de longa duración.
- D) Os nomeamentos de substitución por causa de comisión de servizo, liberación por desempeño de cargo sindical, así como os nomeamentos eventuais de servizos determinados, agás que o centro petionario especifique a súa previsible duración, incluídas as posibles prórrogas, que teñan unha duración inferior a dous anos, presumiranse de longa duración.

20. En relación co obxecto do contrato (sinale a resposta incorrecta):

- A) O obxecto dos contratos do sector público deberá ser determinado
- B) Non poderá fraccionarse un contrato coa finalidade de diminuír a súa contía e eludir así os requisitos de publicidade ou os relativos ao procedemento de adxudicación que correspondan.
- C) Cando o obxecto do contrato admita fraccionamento e así se xustifique debidamente no expediente, poderá preverse a realización de cada unha das súas partes mediante a súa división en lotes, sempre que estes sexan susceptibles de utilización ou aproveitamento separado e constitúan unha unidade funcional ou así o esixa a natureza do obxecto.
- D) Non poderán contratarse separadamente prestacións diferenciadas dirixidas a integrarse nunha obra, aínda que as ditas prestacións gocen dunha substantividade propia que permita unha execución separada por teren que ser realizadas por empresas que conten cunha determinada habilitación.

21. A recepción das mercadorías debe ser:

- A) Cualitativa.
- B) Cuantitativa.
- C) Cualitativa e cuantitativa.
- D) Ningunha das opcións é correcta.

22. A tarxeta sanitaria galega:

- A) Caduca no prazo dun ano desde a súa emisión.
- B) Está vixente mentres o cidadán consta de alta no Sistema de información da tarxeta sanitaria.
- C) Que caduca a partir do 1 de febreiro de 2010 segue vixente como documento acreditativo.
- D) Desde setembro de 2015 está adaptada ao novo formato de tarxeta sanitaria nacional.

23. A subministración interna:

- A) Realizárase desde o almacén ata a entrega ao último usuario.
- B) É a distribución que se fai entre os diferentes servizos ou unidades que integran un hospital.
- C) Deberase formalizar mediante contratos administrativos.
- D) Son correctas as opcións A e B.

24. O código de identificación persoal no Sistema de información da tarxeta sanitaria:

- A) Consta de 18 díxitos.
- B) Consta de 14 díxitos.
- C) Identifícase coas siglas CIP.
- D) Son correctas B e C.

25. Para eliminar a barra de inicio da pantalla do Windows:

- A) Debo premer Ctrl + u.
- B) Debo buscar no menú de Inicio.
- C) Todas as opcións son correctas.
- D) Debo premer o botón dereito do rato, situando encima da barra e buscar a opción.

26. Defínese como o soporte de calquera tipo ou clase que contén un conxunto de datos e informacións de carácter asistencial:

- A) A historia clínica.
- B) O consentimento informado.
- C) A información clínica.
- D) A documentación clínica.

27. O número máximo de rexistros e campos nunha táboa de Excel é de:

- A) 65 000 rexistros de 250 campos.
- B) 65 535 rexistros de 255 campos.
- C) 65 535 rexistros de 256 campos.
- D) 60 000 rexistros de 200 campos.

28. De acordo co artigo 138 do Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, a adxudicación realizarase ordinariamente utilizando:

- A) Procedemento aberto.
- B) Procedemento aberto ou procedemento restrinxido.
- C) Procedemento aberto ou procedemento negociado.
- D) Procedemento aberto, procedemento restrinxido ou procedemento negociado.

29. Na recepción do material procédese a conformar:

- A) Os albarás coas facturas.
- B) As facturas coa mercadoría.
- C) Os albarás cos contratos.
- D) As facturas cos contratos.

30. Conformar unha factura significa:

- A) Comprobar que a mercadoría recibida está en bo estado.
- B) Comprobar que o pedido e a mercadoría recibida coinciden co importe da factura.
- C) Comprobar que o pedido e a mercadoría recibida coinciden co importe do contrato.
- D) Comprobar que o pedido coincide coa factura.

31. Non se esixirán períodos previos de cotización para o dereito ás prestacións derivadas de:

- A) Accidente, sexa ou non de traballo, ou de enfermidade común, salvo disposición legal expresa en contrario.
- B) Maternidade, paternidade, risco durante o embarazo ou risco durante a lactación natural.
- C) Accidente de traballo, ou de enfermidade profesional exclusivamente.
- D) Accidente, sexa ou non de traballo, ou de enfermidade profesional, salvo disposición legal expresa en contrario.

32. Cal das afirmacións é falsa segundo a Lei 41/2002, do 14 de novembro, con respecto á historia clínica:

- A) Levarase con criterios de unidade e integración como mínimo en cada institución.
- B) O arquivo pode facerse en calquera soporte que garanta a súa seguridade, conservación e recuperación da información.
- C) O acceso por outras persoas distintas ao paciente á información contida na historia clínica non haberá estar xustificado pola súa atención sanitaria.
- D) A custodia é responsabilidade da dirección de cada institución.

33. Indique cal das seguintes referencias non é válida:

- A) \$A\$1.
- B) A1.
- C) \$A1.
- D) A\$\$1.

34. Que teclas debe premer para copiar un texto seleccionado?

- A) Ctrl e Alt.
- B) Ctrl e C.
- C) Ctrl e X.
- D) Ctrl e S.

35. A base de cotización para todas as continxencias e situacións amparadas pola acción protectora do réxime xeral, incluídas as de accidente de traballo e enfermidade profesional, estará constituída por:

- A) A remuneración total, calquera que sexa a súa forma ou denominación.
- B) A remuneración que efectivamente perciba o traballador, de ser esta inferior.
- C) A remuneración total, calquera que sexa a súa forma ou denominación, tanto en metálico como en especie, que con carácter mensual teña dereito a percibir o traballador ou asimilado, ou a que efectivamente percibe, de ser esta superior, por razón do traballo que realice por conta allea.
- D) Son correctas as opcións A e B.

- 36.** Cal das seguintes opcións non é válida respecto da tarxeta sanitaria individual no Sistema nacional de saúde?
- A) Os dispositivos e aplicacións deben permitir a lectura e comprobar os datos da tarxeta sanitaria individual.
  - B) Facilitará o acceso da cidadanía ás prestacións da atención sanitaria que proporciona o Sistema nacional de saúde.
  - C) Conterá só os datos básicos de identificación do titular e do servizo de saúde ou entidade responsable da asistencia sanitaria.
  - D) O Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade desenvolverá unha base de datos para poder xerar o código de identificación persoal único.
- 37.** Segundo o artigo 74 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas, en relación coas cuestións incidentais, indique a resposta correcta:
- A) As cuestións incidentais que se susciten no procedemento, salvo as que se refiran á nulidade de actuacións, non suspenderán a súa tramitación.
  - B) As cuestións incidentais que se susciten despois do procedemento non suspenderán a súa tramitación; salvo as que se refiran á nulidade de actuacións e á recusación.
  - C) As cuestións incidentais que se susciten no procedemento, incluso as que se refiran á nulidade de actuacións, non suspenderán a súa tramitación, salvo a renuncia.
  - D) As cuestións incidentais que se susciten no procedemento, incluso as que se refiran á nulidade de actuacións, non suspenderán a súa tramitación, salvo a recusación.
- 38.** Os empresarios, respecto da Seguridade Social:
- A) Como requisito previo e indispensable á iniciación das súas actividades, solicitarán a súa inscrición no réxime xeral da Seguridade Social.
  - B) Deberán comunicar as variacións que se produzan dos datos facilitados ao solicitar a súa inscrición.
  - C) Estarán obrigados a solicitar a afiliación ao Sistema da Seguridade Social dos traballadores que ingresen ao seu servizo.
  - D) Todas as opcións son correctas.
- 39.** Cal destas afirmacións é incorrecta en relación coa tarxeta sanitaria europea?
- A) É un documento persoal e intransferible.
  - B) Acredita o dereito a recibir as prestacións sanitarias que resulten necesarias e desde o punto de vista médico durante unha estancia temporal no territorio do Estado europeo ou Suíza.
  - C) O órgano emisor enviará a tarxeta sanitaria europea, nun prazo non superior a 15 días, ao domicilio que figura nas bases de datos da Seguridade Social.
  - D) É válida durante 2 anos, indicándose a súa data de caducidade.
- 40.** A selección de persoal temporal efectuarase a través de procedementos:
- A) Que permitan a máxima axilidade na selección.
  - B) Que se basearán nos principios de igualdade, mérito, capacidade, competencia e publicidade.
  - C) Que serán establecidos logo dunha negociación.
  - D) Todas as opcións son correctas.

41. Os nomeamentos temporais que resulte necesario formalizar realizaranse baixo as modalidades establecidas no:
- A) Artigo 9 da Lei 55/2003, do 16 de decembro.
  - B) Artigo 9 da Lei 53/2003, do 16 de decembro.
  - C) Artigo 10 da Lei 55/2003, do 16 de decembro.
  - D) Artigo 10 da Lei 53/2003, do 16 de decembro.
42. De acordo co artigo 100 do Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, a garantía responderá dos seguintes conceptos (sinale a resposta incorrecta):
- A) Das penalidades impostas ao contratista.
  - B) Da correcta execución das prestacións establecidas no contrato, dos gastos orixinados ao contratista pola demora da Administración no cumprimento das súas obrigacións e dos danos e perdas ocasionados.
  - C) Da incautación que pode decretarse nos casos de resolución do contrato, de acordo co que nel ou nesta lei estea establecido.
  - D) Ademais, no contrato de subministración a garantía definitiva responderá da inexistencia de vicios ou defectos dos bens subministrados durante o prazo de garantía que se previu no contrato.
43. Cal das seguintes afirmacións non é correcta?
- A) O tope máximo da base de cotización, único para todas as actividades, categorías profesionais e continxencias incluídas no réxime xeral será establecido, para cada ano, na correspondente Lei de orzamentos xerais do Estado.
  - B) A base de cotización terá como tope máximo as contías fixadas para cada ano pola correspondente Lei de orzamentos xerais de Estado.
  - C) O tope máximo da base de cotización así establecido será aplicable igualmente nos casos de pluriemprego.
  - D) Todas as afirmacións son correctas.
44. O nome dun arquivo queda configurado coa seguinte estrutura:
- A) Nome do arquivo. Extensión do arquivo.
  - B) Extensión do arquivo. Lugar de procedencia do arquivo.
  - C) Nome do arquivo. Lugar de procedencia do arquivo.
  - D) Nome do arquivo. Cartafol onde está situado.
45. A afiliación á Seguridade Social dos traballadores tramítase:
- A) Por instancia do traballador cando o empresario incumpra as súas obrigacións.
  - B) De oficio polo órgano competente da Administración da Seguridade Social.
  - C) Por instancia do empresario.
  - D) Todas as opcións son correctas.

46. O prazo de validez da tarxeta sanitaria para residentes no estranxeiro:
- A) Será de 1 ano desde a súa expedición.
  - B) Será de 3 meses desde a súa expedición.
  - C) Coincidirá coa estancia temporal en Galicia, e non poderá exceder de 3 meses desde o momento da súa expedición, prorrogable por outros 3 meses, por petición xustificada do interesado, dentro do período do último ano da solicitude.
  - D) Coincidirá coa estancia temporal en Galicia, e non poderá exceder de 3 meses desde o momento da súa expedición, prorrogable por outros 6 meses, por petición xustificada do interesado, dentro do período do último ano da solicitude.
47. Podemos visualizar os rexistros que se van utilizar na combinación?
- A) Si, podemos visualizalos, pero non modificalos.
  - B) Si, podemos visualizalos e modificalos.
  - C) Si, pero non desde Word, senón abríndoo co programa correspondente.
  - D) Non.
48. O traballador con polo menos unha antigüidade na empresa dun ano ten dereito a que se lle recoñeza a posibilidade de situarse en excedencia voluntaria por un prazo de:
- A) Non menor de 4 anos e non maior de 5 anos.
  - B) Non menor de 5 meses e non maior de 4 anos.
  - C) Non menor de 4 meses e non maior de 5 anos.
  - D) Non menor de 3 meses e non maior de 4 anos.
49. Os actos das administracións públicas son nulos de pleno dereito nos casos seguintes (sinale a resposta incorrecta):
- A) Os que lesionen os dereitos e liberdades susceptibles de amparo constitucional.
  - B) Os que teñan un contido imposible.
  - C) Os ditados por órgano manifestamente incompetente por razón da materia ou do territorio.
  - D) Calquera outro que se estableza expresamente nunha disposición regulamentaria.
50. Interromperán o cómputo da duración dos contratos para a formación e aprendizaxe:
- A) A incapacidade temporal.
  - B) O risco durante o embarazo.
  - C) A garda con fins de adopción.
  - D) Todas as opcións son correctas.
51. Os soportes documentais para a historia clínica non teñen porque garantir a súa:
- A) Conservación.
  - B) Integridade.
  - C) Autenticidade.
  - D) Homologación.

52. En relación co contrato de subministracións (sinale a resposta incorrecta):

- A) O contratista estará obrigado a entregar os bens obxecto de subministración no tempo e lugar fixados no contrato.
- B) O adxudicatario non terá dereito a indemnización por causas de perdas, avarías ou prexuízos ocasionados nos bens antes da súa entrega á Administración, salvo que esta incorrese en mora ao recibilos.
- C) Cando o acto formal da recepción dos bens, de acordo coas condicións do prego, sexa posterior á súa entrega, o contratista será responsable da súa custodia durante o tempo que medie entre unha e outra.
- D) Unha vez recibidos de conformidade pola Administración bens ou produtos perecedoiros, será esta a responsable da súa xestión, uso ou caducidade, sen prexuízo da responsabilidade do subministrador polos vicios ou defectos ocultos destes.

53. As copias de seguridade de Windows 7 permítennos:

- A) Gardar copias de seguridade dos nosos arquivos: documentos, vídeos, fotos etc.
- B) Gardar unha imaxe do sistema que nos axudará a recuperalo no caso de que nos dea problemas.
- C) Programar a creación de copias de seguridade para mantela actualizada en todo momento.
- D) Todas as respostas son certas.

54. Segundo o artigo 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, toda persoa interesada poderá desistir da súa solicitude ou renunciar aos seus dereitos cando iso non estea prohibido polo ordenamento xurídico. No caso de que o escrito de iniciación o formulasen dous ou máis interesados:

- A) A desistencia só afectará aos que o formulasen.
- B) A renuncia afectaralles a todas as persoas interesadas.
- C) A desistencia só poderá realizarse por escrito e dentro dos dez días seguintes á solicitude.
- D) A Administración en ningún caso poderá limitar os efectos da desistencia ou a renuncia.

55. Cal das seguintes calculadoras non vén incluída en Windows 7?

- A) Calculadora de programador.
- B) Calculadora estatística.
- C) Calculadora científica.
- D) Calculadora química.

56. As vistas do documento permiten cambiar a forma en que se mostra na pantalla, pero cal é a vista que vemos de forma predeterminada?

- A) Deseño de impresión.
- B) Modo lectura.
- C) Deseño web.
- D) Borrador.

57. A tecla de ventá de Windows do teclado do ordenador:
- A) Serve para apagar o ordenador.
  - B) Mostra o menú de Inicio de Windows.
  - C) Se se preme, saen as axudas.
  - D) Todas son correctas.
58. A cotización ao réxime xeral da Seguridade Social comprenderá as achegas:
- A) Dos traballadores, exclusivamente.
  - B) Dos empresarios, exclusivamente.
  - C) Dos empresarios e traballadores.
  - D) Das mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social.
59. Os nomeamentos de persoal estatutario temporal poderán ser de:
- A) Interinidade.
  - B) Interinidade e carácter eventual.
  - C) Interinidade e substitución.
  - D) Interinidade, carácter eventual ou substitución.
60. Cando aparece un signo de admiración nunha mensaxe de correo significa:
- A) Que a mensaxe ten un virus.
  - B) Que a mensaxe é importante.
  - C) Que a mensaxe ten un arquivo adxunto.
  - D) Todas as opcións son incorrectas.
61. O modelo oficial de petición de material debe conter:
- A) Denominación e código do produto.
  - B) Cantidade.
  - C) Almacén ao cal se fai o pedido.
  - D) Todas as opcións son correctas.
62. Salvo o disposto en convenio colectivo, o período de proba para os contratos en prácticas realizados con traballadores que estean en posesión de título de grao superior ou de certificado de profesionalidade de nivel 3:
- A) Non poderá ser superior a 2 meses.
  - B) Non poderá ser superior a 3 meses.
  - C) Non poderá ser superior a 4 meses.
  - D) Non poderá ser superior a 6 meses.

63. En relación coa duración dos contratos, sinala a resposta incorrecta:

- A) O contrato poderá prever unha ou varias prórrogas, sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas e que a concorrencia para a súa adxudicación fose realizada tendo en conta a duración máxima do contrato, incluídos os períodos de prórroga.
- B) Sen prexuízo das normas especiais aplicables a determinados contratos, a duración dos contratos do sector público deberá establecerse tendo en conta a natureza das prestacións, as características do seu financiamento e a necesidade de someter periodicamente a concorrencia a realización destas.
- C) A prórroga acordaraa o órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, salvo que o contrato expresamente prevexa o contrario, sen que poida producirse polo consentimento tácito das partes.
- D) Os contratos menores non poderán ter unha duración superior a un ano, pero si poden ser obxecto de prórroga.

64. O artigo 82 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas permite prescindir do trámite de audiencia:

- A) Cando as persoas interesadas manifestan a súa decisión de non efectuar alegacións.
- B) Cando non exista máis ca un interesado.
- C) Cando non figuren no procedemento nin sexan tidos en conta na resolución outros feitos nin outras alegacións e probas ca as aducidas pola persoa interesada.
- D) Nunca se pode prescindir do trámite de audiencia.

65. Recoñécese o acceso á historia clínica:

- A) Só ao paciente.
- B) Ao paciente e representante legal.
- C) Aos familiares do falecido en todos os casos.
- D) O paciente ten dereito a todos os datos da historia clínica.

66. A petición do material:

- A) Debe ser realizada en modelo oficial.
- B) Debe ir asinada polo responsable do servizo solicitante.
- C) É solicitada polos distintos servizos e unidades.
- D) Todas as opcións son correctas.

67. A historia clínica:

- A) Debe ser única por paciente, polo menos, en cada complexo hospitalario, hospital ou centro sanitario.
- B) A súa elaboración, nos aspectos relacionados coa asistencia directa ao paciente, será responsabilidade dos profesionais que interveñen nela.
- C) É propiedade da Administración sanitaria ou entidade titular do centro sanitario cando o médico traballe por conta e baixo a dependencia dunha institución sanitaria.
- D) Todas as opcións son correctas.

**68.** Considéranse situacións asimiladas á de alta:

- A)** A situación do traballador durante o período correspondente a vacacións anuais retribuídas das que non gozase con anterioridade á finalización do contrato.
- B)** Os casos de excedencia forzosa, traslado pola empresa fóra do territorio nacional, convenio especial coa Administración da Seguridade Social.
- C)** A situación legal de desemprego total durante a que o traballador perciba a prestación pola devandita continxencia.
- D)** Todas as opcións son correctas.

**69.** De acordo co establecido no artigo 59 do Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, sinale a resposta correcta en relación coas unións de empresarios:

- A)** Non poden contratar co sector público en ningún caso.
- B)** É necesaria a súa formalización en escritura pública para que poidan presentarse a unha licitación.
- C)** Non é necesaria a súa formalización ata que se efectuou a adxudicación do contrato ao seu favor.
- D)** Os empresarios que concorran agrupados en unións temporais quedarán obrigados mancomunadamente.

**70.** No seguinte código CIP 123456ABCD7890, que díxito se corresponde co sexo:

- A)** O número 7.
- B)** O número 5.
- C)** A letra C.
- D)** A letra D.

**71.** De acordo co artigo 67 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, nas solicitudes de iniciación nos procedementos de responsabilidade patrimonial (sinale a resposta incorrecta):

- A)** O dereito para reclamar prescribirá ao ano de producido o feito ou o acto que motive a indemnización ou se manifeste o seu efecto lesivo.
- B)** En caso de danos de carácter físico ou psíquico ás persoas, o prazo empezará a computarse desde a curación ou a determinación do alcance das secuelas.
- C)** Nos casos en que proceda recoñecer o dereito a indemnización por anulación en vía administrativa dun acto ou disposición de carácter xeral, o dereito para reclamar prescribirá ao ano de ditarse a resolución administrativa.
- D)** Nos caso en que proceda recoñecer o dereito a indemnización por anulación en vía contencioso-administrativa, o dereito para reclamar prescribirá ao ano de notificarse a sentenza definitiva.

**72.** Están suxeitos a regulación harmonizada os contratos de subministracións cuxo valor estimado sexa igual ou superior ás seguintes cantidades:

- A)** 150 000 euros, cando se trate de contratos adxudicados pola Administración xeral do Estado, os seus organismos autónomos ou as entidades xestoras e servizos comúns da Seguridade Social.
- B)** 135 000 euros, cando se trate de contratos adxudicados pola Administración xeral do Estado, os seus organismos autónomos ou as entidades xestoras e servizos comúns da Seguridade Social.
- C)** 200 000 euros, cando se trate de contratos de subministración distintos, por razón do obxecto contratante ou por razón do seu obxecto.
- D)** B e C son correctas.

**73.** Segundo o artigo 65.1.a) do Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, será requisito indispensable que o empresario se atope debidamente clasificado como contratista de obras das administracións públicas para os contratos de obra cuxo valor estimado sexa:

- A)** Igual ou superior a 500 000 euros.
- B)** Inferior a 500 000 euros.
- C)** Igual ou superior a 209 000 euros.
- D)** Inferior a 209 000 euros.

**74.** Ancorar programas ou arquivos serve para...

- A)** Que se executen ao iniciar o computador.
- B)** Que non volvan aparecer nunha Jump list.
- C)** Dispoñer deles de forma máis rápida, xa sexa na barra de tarefas ou no menú Inicio.
- D)** Dispoñer deles de forma máis rápida. Unicamente se poden ancorar elementos á barra de tarefas.

**75.** O artigo 45 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, establece que, unha vez interposto o recurso especial, quedará en suspenso a tramitación do expediente de contratación:

- A)** Se o acto recorrido é o de formalización.
- B)** Se o acto recorrido é o de licitación.
- C)** Se o acto recorrido é o de adxudicación.
- D)** Acordarase a suspensión do procedemento, en calquera caso.

76. Segundo o artigo 52 do Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, os órganos de contratación poderán designar un responsable do contrato ao que corresponderá supervisar a súa execución e adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada, dentro do ámbito de facultades que aqueles lle atribúan. O responsable do contrato poderá ser:

- A) Unicamente unha persoa física vinculada ao ente, organismo ou entidade contratante ou allea a el.
- B) Unha persoa física ou xurídica, que non pode estar vinculada ao ente, organismo ou entidade contratante.
- C) Unha persoa física ou xurídica, vinculada ao ente, organismo ou entidade contratante ou allea a el.
- D) Unha persoa física ou xurídica que obrigatoriamente ten que estar vinculada ao ente, organismo ou entidade contratante.

77. Os informes solicitados para os efectos de resolución dun procedemento administrativo:

- A) Serán facultativos e non vinculantes, salvo disposición expresa en contrario.
- B) Serán emitidos electronicamente, salvo excepcións.
- C) Serán emitidos, en principio, nun prazo de dez días, pero este podería ser menor ou maior se unha disposición ou o resto dos prazos do procedemento o permiten.
- D) Todas son certas.

78. Non darán lugar a inclusión no réxime xeral da Seguridade Social:

- A) Os altos cargos das administracións públicas e das entidades e organismos vinculados ou dependentes delas, que non teñan a condición de funcionarios públicos.
- B) Os condutores de vehículos de turismo ao servizo de particulares.
- C) Os que se executen ocasionalmente mediante os chamados servizos amigables, benévolos ou de boa veciñanza.
- D) As persoas que presten servizos retribuídos en entidades ou institucións de carácter benéfico-social.

79. O cesamento do substituto non se producirá cando:

- A) Se incorpore a persoa a quen o substitúa.
- B) O titular perda o seu dereito para reincorporarse á mesma praza.
- C) O titular perda o seu dereito para reincorporarse á mesma función.
- D) Se produza o cambio da causa que dá lugar á reserva da praza do titular.

80. O contrato de traballo non poderá suspenderse por:

- A) Mutuo acordo das partes.
- B) Privación de liberdade do traballador cando exista sentenza condenatoria.
- C) Forza maior temporal.
- D) Excedencia forzosa.

**81.** Segundo o artigo 4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, consideraranse, entre outros, interesados no procedemento administrativo:

- A)** Os que, sen iniciar o procedemento, teñan dereitos ou intereses que poidan resultar afectados pola decisión que neste se adopte.
- B)** Os que, sen iniciar o procedemento, teñan intereses individuais ou colectivos que poidan resultar afectados pola decisión que neste se adopte.
- C)** Os que, sen iniciar o procedemento, teñan dereitos que poidan resultar afectados pola decisión que neste se adopte.
- D)** Os que, sen iniciar o procedemento, teñan dereitos que poidan resultar afectados pola decisión que neste se adopte e comparezan no procedemento en tanto non recaese resolución definitiva.

**82.** Segundo o artigo 35 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, serán motivados, con sucinta referencia de feitos e fundamentos de dereito:

- A)** Os actos que limiten dereitos subxectivos ou intereses lexítimos.
- B)** Os acordos de aplicación da tramitación de urxencia, de ampliación de prazos e de realización de actuacións complementarias.
- C)** Os actos que rexeiten probas propostas polas persoas interesadas.
- D)** Todas as respostas anteriores son correctas.

**83.** Segundo o artigo 47 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os actos das administracións públicas ditados por órgano manifestamente incompetente por razón da materia ou do territorio:

- A)** Son anulables.
- B)** Poderán ser validados polo órgano competente.
- C)** Son nulos de pleno dereito.
- D)** Poderán ser validados polo órgano competente cando sexa superior xerárquico do que ditou o acto viciado.

**84.** En relación coa garantía definitiva nos contratos que realicen as administracións públicas, sinale a resposta correcta:

- A)** Os que presenten as ofertas economicamente máis vantaxosas nas licitacións dos contratos deberán constituír, á disposición do órgano de contratación, unha garantía dun 5 por 100 do importe de adxudicación, incluído o imposto sobre o valor engadido.
- B)** Os que presenten as ofertas economicamente máis vantaxosas nas licitacións dos contratos deberán constituír, á disposición do órgano de contratación, unha garantía dun 3 por 100 do importe de adxudicación, excluído o imposto sobre o valor engadido.
- C)** Os que presenten as ofertas economicamente máis vantaxosas nas licitacións dos contratos deberán constituír, á disposición do órgano de contratación, unha garantía dun 5 por 100 do importe de adxudicación, excluído o imposto sobre o valor engadido.
- D)** Os que presenten as ofertas economicamente máis vantaxosas nas licitacións dos contratos deberán constituír, á disposición do órgano de contratación, unha garantía dun 3 por 100 do importe de adxudicación, incluído o imposto sobre o valor engadido.

**85.** Unha icona é...

- A) O menú que aparece cando prememos co botón dereito do rato sobre calquera elemento.
- B) Unha imaxe que representa un programa e que o executa se facemos dobre clic sobre el.
- C) A barra situada na zona inferior da pantalla, onde aparecen varios botóns e un reloxo.
- D) O nome do buscador do menú Inicio.

**86.** A que chamamos teclas de función no teclado dos ordenadores?

- A) Ás teclas de escritura.
- B) Ás teclas de desprazamento.
- C) Ás teclas que se utilizan nos programas para activar operacións especiais.
- D) Ás teclas funcionais.

**87.** No tocante ás listas específicas de nomeamentos de curta duración (sinale a resposta incorrecta):

- A) O seu obxectivo é dar cobertura ás necesidades de persoal estatutario producidas como consecuencia de ausencias de carácter urxente e non programado, de duración superior a 4 días.
- B) As listas elaboraranse por centro ou complexo, excepto na categoría de enfermeiro/a.
- C) A inscrición nestas listas é compatible coa inscrición nas listas de área especial.
- D) Cada persoa aspirante á dita lista só poderá inscribirse nunha lista de curta duración.

**88.** Non terán a consideración de accidente de traballo:

- A) Os acaecidos en actos de salvamento e noutros de natureza análoga, cando uns e outros teñan conexión co traballo.
- B) As enfermidades ou defectos padecidos con anterioridade polo traballador que se agraven como consecuencia da lesión constitutiva do accidente.
- C) Os que sexan debidos a forza maior estraña do traballo, entendendo por esta a que sexa de tal natureza que non garde relación ningunha co traballo que se executaba ao ocorrer o accidente.
- D) Os que sufra o traballador ao ir ou volver do lugar de traballo.

**89.** Os informes de alta conservaranse na historia clínica:

- A) 6 anos desde a última asistencia prestada ao paciente.
- B) 6 anos desde o falecemento do paciente.
- C) Indefinidamente.
- D) Como mínimo ata que transcorran 5 anos desde a última asistencia prestada ao paciente ou desde o seu falecemento.

**90.** O stock punto de pedido:

- A) É o volume de stock fixado antes de que o artigo sexa considerado baixo mínimos.
- B) É un dato estatístico que reflicte de forma ponderada as unidades de artigos consumidas de media nun mes.
- C) Determina, en unidades, o número destas a partir do cal debe realizarse un pedido.
- D) Cantidade de unidades de artigos nun momento determinado de reconto.

**91.** A historia clínica terá como contido mínimo:

- A) As ordes médicas, evolución e planificación de coidados de enfermería.
- B) Evolución e folia de interconsulta.
- C) Informes de exploracións complementarias, aplicación terapéutica de enfermería.
- D) As opcións A, B e C forman parte do contido mínimo.

**92.** O persoal estatutario temporal deberá:

- A) Ter 17 anos e non exceder da idade de xubilación forzosa.
- B) Posuír a capacidade funcional necesaria para o desempeño das funcións que deriven do correspondente nomeamento.
- C) Estar en posesión da titulación esixida na convocatoria ou en condicións de obtela unha vez finalizado o prazo de presentación de solicitudes.
- D) Non ser separado do servizo mediante expediente disciplinario nos sete anos anteriores á convocatoria.

**93.** Son contratos suxeitos a regulación harmonizada, cuxo valor estimado sexa igual ou superior ao que se indica na lei (sinale a incorrecta):

- A) Os contratos de colaboración entre o sector público e o sector privado, en todo caso.
- B) Os contratos de obra.
- C) Os contratos de concesión de obras públicas.
- D) Os contratos de servizos, en todo caso.

**94.** Segundo a Lei 41/2002, do 14 de novembro, enténdese por información clínica:

- A) O documento emitido polo médico responsable nun centro sanitario ao finalizar cada proceso asistencial dun paciente.
- B) O soporte de calquera tipo ou clase que contén un conxunto de datos e información de carácter asistencial.
- C) Todo dato, calquera que sexa a súa forma, clase ou tipo, que permita adquirir ou ampliar coñecementos sobre o estado físico e a saúde dunha persoa, ou a forma de preservala, coidala, melloralala ou recuperala.
- D) A declaración escrita dun médico que dá fe do estado de saúde dunha persoa nun determinado momento.

**95.** Segundo o disposto polo artigo 18 do Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, os contratos do sector público poderán ter carácter:

- A) Administrativo ou privado.
- B) Administrativo, privado ou especial.
- C) Administrativo ou especial.
- D) Administrativo, privado, especial ou mixto.

- 96.** O documento que verifica a recepción dunha mercadoría pedida previamente denomínase:
- A)** Factura.
  - B)** Albará.
  - C)** Recibo.
  - D)** Contrato.
- 97.** Segundo o artigo 80.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os informes no procedemento administrativo:
- A)** Serán facultativos e non vinculantes, salvo disposición expresa en contrario.
  - B)** Serán facultativos e vinculantes, salvo disposición expresa en contrario.
  - C)** Serán non facultativos e vinculantes, salvo disposición expresa en contrario.
  - D)** Serán preceptivos e non vinculantes.
- 98.** A función da extensión do arquivo é a seguinte:
- A)** Indica a lonxitude do arquivo.
  - B)** Indica que tipo de arquivo é.
  - C)** Segundo o nome do arquivo, terá unha extensión ou outra.
  - D)** Indica que ese arquivo se pode volver estender.
- 99.** A tarxeta sanitaria individual conterá, de maneira normalizada e de forma visible, os seguintes datos:
- A)** Código de identificación persoal asignado pola Administración autonómica que emite a tarxeta.
  - B)** Modalidade da prestación farmacéutica.
  - C)** Administración sanitaria emisora da tarxeta.
  - D)** Son correctas as opcións B e C.
- 100.** Conforme o disposto no artigo 36.4 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, cal dos seguintes é un trámite necesario nos procedementos de esixencia de responsabilidade patrimonial das autoridades e persoal ao servizo das administracións públicas?
- A)** Alegacións durante un prazo de 10 días.
  - B)** Práctica de probas admitidas e calquera que o órgano competente estime oportunas durante un prazo de 10 días.
  - C)** Audiencia durante un prazo de 10 días.
  - D)** Formulación da proposta de resolución nun prazo de 10 días, que se contará desde a finalización do trámite de audiencia.
- 101.** Segundo o artigo 44 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas, cando se ignore o lugar de notificación dun interesado, a notificación farase por medio dun anuncio publicado no:
- A)** Taboleiro de edictos do concello do último domicilio do interesado.
  - B)** Diario oficial da comunidade autónoma do último domicilio do interesado.
  - C)** Boletín oficial da provincia do último domicilio do interesado.
  - D)** Boletín Oficial do Estado.

**102.** Como seleccionamos texto dun documento?

- A) Utilizando o teclado. Existen distintas combinacións de teclas (CTRL+tecla) que permiten o desprazamento.
- B) Arrastrando o rato de principio a fin do rango para seleccionar.
- C) Facendo clic ou dobre clic sobre o elemento para seleccionar.
- D) Todas as respostas son certas.

**103.** Das seguintes fórmulas, cal non é correcta?

- A) =SUMA(A1:F5).
- B) =B23/SUMA(A1:B5).
- C) =MAXIMO(A1:D5).
- D) =MEDIA(A1:B5;D1:E5).

**104.** De acordo co establecido no artigo 32 do Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, a falta de capacidade de obrar ou de solvencia económica, financeira, técnica ou profesional, debidamente acreditada, do adxudicatario:

- A) É causa de anulabilidade.
- B) É causa de nulidade.
- C) A falta de capacidade de obrar é causa de nulidade e a falta de solvencia é causa de anulabilidade.
- D) Todas son incorrectas.

**105.** Sinale a resposta correcta:

- A) Os actos das administracións públicas suxeitos ao dereito administrativo presumiranse válidos e producirán efectos desde a data en que se diten, en todo caso.
- B) Os actos das administracións públicas suxeitos ao dereito administrativo presumiranse válidos e producirán efectos desde a data en que se notifican, salvo que neles se dispoña outra cousa.
- C) Os actos das administracións públicas suxeitos ao dereito administrativo presumiranse válidos e producirán efectos desde a data en que se notifican.
- D) Os actos das administracións públicas suxeitos ao dereito administrativo presumiranse válidos e producirán efectos desde a data en que se diten, salvo que neles se dispoña outra cousa.

**106.** Segundo a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, o procedemento de responsabilidade patrimonial iníciarase:

- A) De oficio pola Administración ou por solicitude do interesado.
- B) Sempre de oficio pola Administración.
- C) Sempre por solicitude do interesado.
- D) Ningunha das respostas anteriores é correcta.

**107.** Se o número 3245,537 quero que quede representado da seguinte maneira 3.247,5. Que tipo de formato debo coller?

- A) 0,000.0
- B) #.##0,0
- C) #.###,#
- D) 0.000,#

**108.** En que consiste a opción de combinar celas?

- A)** Unha cela, deixar a opción máis acorde segundo a estrutura que teña a táboa.
- B)** Varias celas convertidas nunha.
- C)** Non ten ningunha misión especial.
- D)** Ningunha das anteriores.

**109.** Segundo o artigo 32.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, o dereito dos particulares para ser indemnizados polas administracións de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, sempre que a devandita lesión sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos, non procederá:

- A)** Nos casos de forza maior ou de danos que o particular teña o deber xurídico de soportar de acordo coa lei.
- B)** Nos casos de forza maior, caso fortuíto ou de danos que o particular teña o deber xurídico de soportar de acordo coa lei.
- C)** Nos casos de forza maior, caso fortuíto ou de danos que o particular teña o deber xurídico de soportar de acordo cunha relación xurídica de carácter especial.
- D)** Nos casos de forza maior, caso fortuíto, danos que o particular teña o deber xurídico de soportar de acordo cunha relación xurídica de carácter especial ou dunha obrigaón de carácter xeral adoptada por razóns de interese público.

**110.** Segundo os artigos 122, 124 e 126 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os prazos para resolver os recursos administrativos son:

- A)** Recurso de alzada, 3 meses; recurso de reposición, 1 mes; e recurso extraordinario de revisión, 1 mes.
- B)** Recurso de alzada, 1 mes; recurso de reposición, 3 meses; e recurso extraordinario de revisión, 3 meses.
- C)** Recurso de alzada, 1 mes; recurso de reposición, 3 meses; e recurso extraordinario de revisión, 1 mes.
- D)** Recurso de alzada, 3 meses; recurso de reposición, 1 mes; e recurso extraordinario de revisión, 3 meses.